

Edición xeral

BALANCE DA ASOCIACIÓN DE EDITORES

Os millóns de palabras que nos deixou 2009

Domingo Villar, Rosa Aneiros, Carlos Negro, Benigno Campos e Carlos Mella, foron os autores favoritos para os lectores do país.

Redacción - 12:01 11/01/2010

A [Asociación Galega de Editores](#) acaba de colgar na súa páxina electrónica o número 6 de Novidades de Libros (NDL). Nesta ocasión repasa toda a produción editorial en lingua galega do ano 2009. Cunha fermosa maquetación, a revista abre lume cun artigo do xornalista Moisés Álvarez (“O futuro do libro galego xógase hoxe”). A continuación a revista, nas súas cen páxinas, debulla todas as obras que saíron á luz o ano pasado.

No informe tamén podemos ver as obras e escritores que prefiren os lectores do noso país. Así, en ficción, Domingo Villar con 'A praia dos afogados' e 'Ollos de Auga', e [Rosa Aneiros](#), con 'Sol de Inverno', foron os que lograron máis vendas. No apartado de poesía, o libro 'Once máis quince' (poemas musicados de varios autores) e 'Makinaria' de [Carlos Negro](#). En canto a non ficción, o libro gastronómico de Benigno Campos 'A cociña dos larpeiros' e 'Memorias dun ninguén' de [Carlos Mella](#) ocuparon os primeiros postos.

Poden descargar aquí o [informe completo](#)